



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

FIR\$INT_AYT

Datos do Expediente:

SUBVENCIONS		
Unidade Tramitadora:		
Servizo de Deportes – MVG		
Número expediente:	Documento:	
DEP/2024/55	DEP18I01RB	
294V 123C 5X1T 1E2T 1A81		

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Xefa da Sección de Deportes, en data 13 de agosto de 2024, ditou o informe-proposta, que textualmente transcrito di:

“INFORME-PROPOSTA A ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación das Bases que rexerán a convocatoria de concesión de subvencións a clubs, e entidades deportivas de ámbito municipal correspondente ao exercicio 2024.

ANTECEDENTES

O Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2017 aprobou a Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, publicada no BOP número 2, o día 3 de xaneiro de 2018.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora de la Administración Local de Galicia
- Lei 5/2014, de 27 de marzo, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1986, de 18 de abril polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público
- Lei 38/2003 de 17 de decembro, Xeral de subvencións e a normativa que a desenvolve.
- R.D. 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003
- Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007
- Ordenanza xeral de Subvencións do Concello de Narón, (BOP 3 de xaneiro de 2018)
- Informe Xurídico emitido en data 09-08-2024 (ASI18I00RK)
- Bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2024

A aprobación das Bases é competencia da Alcaldía ou órgano colexiado en quen delegue esta competencia.

Por todo o exposto, a que subscribe, e seguindo instrucións do Concelleiro de Deportes, emite o seguinte,

INFORME-PROPOSTA

1º- Aprobar as Bases que rexerán a convocatoria de concesión de subvencións a Clubs e Entidades deportivas de ámbito municipal correspondentes ao exercicio 2024.

2º -Aprobar a convocatoria pública de subvencións a Clubs e Entidades deportivas de ámbito municipal correspondentes ao exercicio 2024 con cargo á partida 3410-48001, ata un máximo de 75.000,00 €, dacordo coa Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións do Concello de Narón, e co establecido nas Bases que se achegan coa presente proposta e que constan no expediente.

Non obstante, á Alcaldía adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Visto o informe emitido polo Interventor substituto do Concello (ICO18I00BB), o día 13 de setembro de 2024, no que fiscaliza de conformidade con observacións o informe proposta da Xefa da Sección de Deportes (DEP18I01LN).



Despois do exposto anteriormente, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire a Lei reguladora das bases do réxime local,

RESOLVE

1 – Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

*Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)*